

Resolución conxunta, de data 22 de setembro de 2020, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba a actualización do “Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”, así como os Protocolos de “prevención da transmisión da covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo” e o de “prevención da transmisión da covid-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios”.

Por Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020 adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, que foron seguidas da declaración, por Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID19.

Mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, situación que foi prorrogada por diferentes períodos por outros Reais decretos.

A evolución da pandemia no territorio galego e a diminución do número de contaxios fixo posible o paso das diferentes fases do Plan do Goberno central.

Con data 11 de xuño o Ministerio de Educación e Formación Profesional no seo da conferencia sectorial de Educación presentou un documento denominado “Acuerdos para el inicio y desarrollo del curso 2020-2021” e enviou tamén para coñecemento e alegacións das CC.AA o documento denominado “Medidas de prevención, higiene e promoción de la salud frente al COVID-19 para centros educativos en el curso escolar 2020-2021”. Este último documento foi revisado coas alegacións das CC.AA e a súa versión definitiva ten data do 22 de xuño de 2020.

O acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 (modificado por acordo do Consello da Xunta do 25 de xuño de 2020), sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade., establece as previsións para os centros educativos no punto 5 das medidas, co seguinte teor literal:

1. O retorno á actividade lectiva presencial dos centros docentes que imparten o ensino do artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, rexerase polas condicións sanitarias vixentes ao comezo do curso escolar 2020/21.

2. Serán de obrigado cumprimento as normas sobre desinfección e prevención que determine en cada momento a autoridade sanitaria, tanto nos centros públicos como privados. Para os supostos en que non sexa posible gardar as distancias mínimas interpersoais que se determinen será obrigado o uso de máscara de protección, con excepción do nivel de educación infantil.

3. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional elaborará e aprobará, mediante resolución, un protocolo de prevención e organización do regreso á actividade lectiva onde se recollerán as recomendacións sanitarias aprobadas ata o

momento. O dito protocolo será supervisado pola consellería con competencias en materia de sanidade.

Con data do 13 de xuño de 2020 publicouse o Decreto polo que se declara a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, aprobado mediante o Acordo do Consello de Ministros do 28 de abril de 2020 e, polo tanto, a entrada na nova normalidade, con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020.

Con data 22 de xullo de 2020 adoptouse a resolución conxunta das consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade pola que se aproba o Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia.

Nas últimas semanas téñense producido en todo o territorio nacional un incremento dos gromos en todo o territorio español que xeran inqueda na comunidade educativa. Este aspecto, xunto co maior coñecemento que se ten sobre a propagación do virus, así como novas científicas e manifestacións de organismos internacionais fan preciso modificar algunhas da previsións do protocolo datado o 22 de xullo.

Así, o día 27 de agosto de 2020 nunha reunión conxunta do Consello Interterritorial del Sistema Nacional de Saúde en coordinación coa Conferencia Sectorial de Educación someteuse á consideración das comunidades autónomas o documento denominado «Declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte ao COVID-19 para centros educativos durante el curso 2020/21 e en relación coa vacinación fronte á gripe». O dito documento foi aceptado polas comunidades autónomas como conxunto de actuacións coordinadas en materia de saúde pública e publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 28 de agosto de 2020.

Para aplicar as medidas contidas no citado documento ditáronse as «Instrucións polas que se incorpora a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobada polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (DOG núm. 174 bis, do 28.8.2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto do COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21, na versión 31.8.2020.

Dado que o propio protocolo na súa versión inicial tiña previsto a eventual modificación das súas medidas en atención a evolución da pandemia e dos novos criterios das autoridades sanitarias autonómicas ou nacionais, procede a actualización do protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

Por outra banda aprobábase tamén o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 para os nenos e nenas con necesidades educativas especiais e o Protocolo de prevención da transmisión da covid-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios

O obxectivo destes documentos é o de incorporar as medidas e accións complementarias ás indicadas no Protocolo xeral tanto para os nenos e nenas con necesidades educativas especiais como para os comedores dos centros educativos non universitarios de Galicia.

Na súa virtude, en aplicación do punto quinto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

RESOLVEMOS:

Artigo primeiro.

Aprobar a *actualización do Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021*, aprobado por resolución conxunta con data 22 de xullo de 2020, quedando o texto consolidado que figura como anexo I.

Artigo segundo.

Aprobar o *Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 para os nenos e nenas con necesidades educativas especiais*, que figura como anexo II.

Artigo terceiro.

Aprobar o *Protocolo de prevención da transmisión da covid-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios*, que figura como anexo III.

Artigo cuarto.

Os protocolos que son obxecto de actualización e aprobación pola presente resolución serán plenamente aplicables desde a data da súa publicación na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>), e manteranse ata o levantamento da declaración de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020.

Non obstante o anterior, os protocolos serán obxecto de revisión e adaptación continua atendendo á evolución da situación sanitaria, co fin de garantir a súa adecuación ás obrigas ou recomendacións sanitarias existentes en cada momento.

Artigo quinto.

A persoas titulares das direccións xerais competentes en materia de saúde pública, como autoridade sanitaria, e educación e formación profesional, poderán adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste protocolo, así como as medidas complementarias que sexan precisas de acordo coas circunstancias. No portal <https://www.edu.xunta.gal/portal/> darase publicidade ás sucesivas versións dos protocolos revisados ou adaptados atendendo á evolución da situación sanitaria, segundo o previsto na presente resolución conxunta.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

Artigo sexto.

Esta resolución entrará en vigor desde a súa publicación.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020.

O conselleiro de Sanidade

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Julio García Comesaña

Román Rodríguez González



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

ANEXO I

Actualización do Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021. (versión consolidada)

Publicado na súa integridade no seguinte enderezo web

<https://www.edu.xunta.gal/portal/>

ANEXO II

Protocolo de prevención da transmisión da covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo .

Publicado na súa integridade no seguinte enderezo web

<https://www.edu.xunta.gal/portal/>

ANEXO III

Protocolo de prevención da transmisión da covid-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios.

Publicado na súa integridade no seguinte enderezo web

<https://www.edu.xunta.gal/portal/>



Xacobeo 2021